

ANEXO I.3.- PLAN ANUAL DE LECTURA

Durante este curso 2011 – 2012, os obxectivos do Plan Anual de Lectura centraranse fundamentalmente en continuar desenvolvendo o Proxecto Biblioteca presentado e aprobado novamente na convocatoria de Plans de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación. Para as actividades de dinamización a responsable da biblioteca coordinarase coa responsable do Equipo de Dinamización Lingüística, así como coa coordinadora de actividades complementarias.

A) OBXECTIVOS

❖ Obxectivos Xerais

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas no alumnado.
- Facilitar o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Converter a biblioteca nun centro de recursos ao servizo do currículo.
- Promover o uso da biblioteca no centro educativo.
- Promover a cooperación e coordinación dos equipos docentes do centro, en torno a un proxecto común, o Proxecto de Centro; en concreto, para mellora da competencia lingüística e das habilidades lectoras.
- Promover a cooperación e coordinación con organismos externos á escola, para a dinamización cultural, conectando coa realidade social do contorno.
- Promover a lectura no contexto escolar.
- Fomentar un uso crítico dos fondos documentais da biblioteca e dos recursos de que esta dispón.

❖ Obxectivos Específicos

- ❖ Desenvolver a colección de materiais da biblioteca en relación ás necesidades da comunidade educativa, integrando diferentes tipoloxías e soportes documentais.

- ❖ Asegurar o acceso de toda a comunidade educativa a unha ampla gama de recursos e servizos cun horario adecuado á situación do centro, desenvolvendo ferramentas de busca e recuperación dos documentos da biblioteca.
- ❖ Promover actividades propias da Biblioteca que fomenten a lectura como medio de entretemento e de información, así como de aprendizaxe.
- ❖ Traballar a prol dunha BE que centralice as actividades complementarias que se desenvolven no centro.
- ❖ Buscar, clasificar e aproveitar os recursos da biblioteca, como un recurso máis para a aprendizaxe.
- ❖ Promover a formación documental dos usuarios, cun plan de traballo anual por niveis.
- ❖ Facilitar o achegamento do alumnado a outras realidades culturais a través dos fondos documentais da biblioteca, fomentando así os valores de respecto, solidariedade, cooperación, etc, nun mundo cada vez máis globalizado no acceso á información e máis individualizado na convivencia diaria.
- ❖ Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión cultural.
- ❖ Elaborar un plan anual de adquisicións, con orzamento específico, atendendo ás necesidades do alumnado e do profesorado, e buscando equilibrar o fondo documental, con documentos impresos, audiovisuais, fonográficos, fotográficos,...
- ❖ Potenciar a figura do bibliotecario, o equipo da biblioteca e da Comisión da Biblioteca, intentando que o alumnado colabore e participe na xestión da BE.
- ❖ Coordinar campañas, adquisición de fondos, acceso ao fondo documental, etc., coas Bibliotecas Públicas do concello.

- ❖ Promover o uso da lingua galega en colaboración co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e cos demais equipos de traballo do centro.

B) ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

Todas as actividades que se impulsen dende a Biblioteca perseguen a participación da comunidade educativa e o achegamento da mesma aos fondos documentais. A biblioteca escolar ten que ser un punto de encontro onde participen todos os membros do centro escolar: alumnado, profesorado, familias para iniciar unha viaxe a través dos distintos libros, películas, músicas que nos marabillaron e que nos seguen marabillando hoxe en día.

Para implicar o alumnado na dinamización da Biblioteca premiarase a súa participación en diferentes actividades: en concursos da Biblioteca, do EDL ou de calquera outro departamento; na entrega de críticas sobre películas, lecturas e música para a súa publicación na páxina web da Biblioteca; no equipo de voluntariado e axudantes; ou en calquera outra actividade que teña como finalidade achegar ao alumnado ao mundo da lectura, entendida esta nun sentido amplo, de diversidade de soportes.

Tentarase animar ás familias principalmente como usuarias da biblioteca. A implicación das mesmas continúa a ser moi baixa, polo que se tentará romper a súa aparente pasividade achegándoas á nosa BE a través do uso dos fondos da mesma. É probable que para acadar esta implicación sexa preciso un proceso previo de formación a través de obradoiros de lectura integrados pola comunidade escolar e os pais e nais, e outras actividades atractivas e integradoras.

Cremos que isto redundará nunha implicación maior no Plan Anual de Lectura e en todo o relativo á biblioteca, para o que, paulatinamente se poden ir introducindo as seguintes accións:

- .- Habilitar un servizo de préstamos por delegación a través dos seus fillos e fillas.
- .- Facilitar unha guía de lecturas recomendadas a través de boletíns trimestrais e dos blogs da biblioteca e do club de lectura.
- .- Achegar os fondos da biblioteca ás familias a través da actividade das “Mochilas viaxeiras”
- .- Facilitar a participación das familias en actividades que se desenvolvan no Plan Anual de Lectura: clubs literarios, participación no blog.
- .- Actualizar os fondos da biblioteca con documentos atractivos para toda a familia: publicacións periódicas, revistas, libros de lecer, arquivos sonoros,...
- .- Dispoñer dun buzón de suxestións e incluso un apartado de suxestións no blog para que as familias se sintan máis partícipes no proxecto.

Será importante sempre, pero máis nestes momentos de cambio e de impulso, a formación de usuarios, para que o alumnado gañe en autonomía no uso da biblioteca do centro e, por extensión, outras do contorno.

No tocante ao fomento da lectura, terase en conta que anualmente deberanse desenvolver actividades relacionadas coa Educación documental e co Fomento da lectura:

1.- Educación documental: aquelas actividades dirixidas á formación de usuarios da biblioteca e á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento. Aquí enmarcaríase moi ben todo o traballo desde o Proxecto Interdisciplinar.

2.- Fomento da lectura: Hora de ler, narracións, lecturas compartidas, edición de boletíns trimestrais, presentacións de libros, club de lectura, mochila viaxeira, biblioteca de aula, encontros con autores, sesións de contacontos, club de cine e música... A lectura sempre entendida nun senso amplo: lectura para aprender, como lecer, para realizar un traballo, etc.

Nestas actividades de fomento da lectura e de educación documental, coidarase especialmente a relación co contorno próximo, tanto divulgando a obra de autores do contorno, como coordinando actuacións coas bibliotecas doutros centros, municipais, asociacións culturais e veciñais...

Todas as actividades de educación documental e de fomento da lectura parten da premisa de coordinación e colaboración cos demais equipos de traballo, sobre todo Equipo Dinamización Lingüística e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

No curso 2011-12 as actuacións relativas, principalmente, á educación documental, de fomento da lectura e dinamización da biblioteca terán como eixo común o traballo arredor da tradición oral (lendas, contos, crenzas...), e daremos como título ao Proxecto Biblioteca “*As crenzas populares na memoria colectiva de Cangas*” xa que logo:

- A tradición oral é un tema que pode ser traballado desde os diferentes currículos.
- A riqueza do imaxinario oral e popular en Cangas é moi rica.
- A tradición oral ten data de caducidade e resulta interesante e urxente recollela materialmente.
- A dotación da BE en fondos documentais de carácter literario relacionados co tema é interesante e convén dinamizala. Ademais, sería interesante crear

documentos propios que a vencellasen aos diversos campos do día a día do alumnado.

- A investigación arredor do tema estimularía o contacto dos máis novos cos seus maiores.
- O coñecemento da cultura popular por parte do alumnado permitiría disfrutar, difundir e valorar na xusta medida o patrimonio herdado.

Os eixes fundamentais deste traballo serán:

- .- Coordinación, a través das profesoras titoras de 1º ESO e da responsable da BE, co resto do profesorado do nivel de 1º ESO , para o desenvolvemento das actividades vencelladas ao Proxecto Interdisciplinar.
- .- Realización dun proxecto documental que, partindo da Biblioteca e do Proxecto Interdisciplinar, implique a todos os departamentos didácticos e permita a colaboración de toda a comunidade educativa. Dito proxecto xirará arredor do mesmo tema ca o Proxecto Interdisciplinar.
- .- Incremento dos fondos relacionados principalmente co audiovisual (videográficos e fonográficos, é dicir, de DVDs e CDs).
- .- Facilitación do acceso na sala á audición e visionado dos fondos, así como o préstamo, prestando especial atención á produción en galego e galega: fotografía, cine, música, documental...
- .- Organización de actividades de dinamización da biblioteca tendo o mundo do imaxinario popular como tema condutor.
- .- Apoio ás actividades de fomento da lectura, como a Hora de ler, o club de lectura, o club de cine e música, con material audiovisual e con material musical relacionado co campo das crenzas e tradicións orais e populares.

Así, nos cadros seguintes, podemos ver o resumo destas actuacións por trimestres:

	XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organizar o horario da BE: horas de utilización polos grupos-clase, horario de préstamo, horario de xestión do equipo da biblioteca,... ▪ Xestionar os horarios de xeito que a persoa responsable da Biblioteca coincida na hora en que o alumnado de 1º teña Proxecto Interdisciplinar. ▪ Reservar hora de uso da Biblioteca no horario lectivo semanal a todos os departamentos e materias que así o soliciten. ▪ Xuntanza do Equipo de Biblioteca e da Comisión de Biblioteca, para concretar o Plan Anual de Lectura que se incluírá na Programación Xeral Anual. ▪ Continuar co rexistro dos fondos na base de datos MEIGA. ▪ Revisar o buzón de suxestións, para dar resposta ás diferentes necesidades xurdidas. ▪ Facilitar os carnés de Biblioteca a toda a comunidade educativa. ▪ Deseño do Proxecto Documental que implique a todo o centro e comunidade educativa e animar aos departamentos á participación no mesmo. ▪ Realizar un expurgo anual. ▪ Constitución dun grupo de alumnado que apoie aos compañeiros e ao Equipo de Biblioteca nas tarefas de uso da biblioteca. ▪ Creación de Bibliotecas de Aula. ▪ Deseñar un novo logotipo propio da biblioteca, que será usado para o selo e para todos os documentos.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Seguir coa codificación do rexistro na base de datos informatizada. ▪ Valorar as necesidades e prioridades orzamentarias para equilibrar deficiencias, tanto no fondo documental, como no equipamento (xuntanza da Comisión de Biblioteca). Tras analizar as necesidades detectadas polos departamentos e as suxestións do alumnado, a Comisión de Biblioteca priorizará as compras, tanto de mobiliario como fondo documental.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Seguir coa codificación do rexistro na base de datos informatizada. ▪ Avaliar os resultados e propostas de mellora. ▪ Presentar a memoria do Plan Anual de Lectura, o Equipo da BE ante a Comisión da Biblioteca, para logo formar parte da Memoria Anual do Centro.

	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FORMACIÓN DE USUARIOS
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Preparación dunha guía para a formación de usuarios. ▪ Todos os grupos pasarán pola biblioteca, para coñecer o seu funcionamento, normas, servizos que ofrece. ▪ Entrega aos membros da comunidade educativa do carné da Biblioteca. ▪ Xuntanza/s con todo o profesorado para falarlles do uso da biblioteca como recurso educativo. Entrega dunha guía de uso: equipo de biblioteca, sistema de préstamo, normas de uso...
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xuntanza do Equipo de Biblioteca e da Comisión de Biblioteca do Consello Escolar para levar a cabo a análise do traballo do 1º trimestre: avaliación. ▪ Constitución dun grupo de alumnado que apoie aos compañeiros nas tarefas de uso e procura de información na Biblioteca, procurando que haxa un por aula.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organizar visitas á Biblioteca Municipal de Cangas e ao punto de lectura da parroquia de Darbo. ▪ Avaliación das actuacións realizadas e propostas de mellora á Comisión de Biblioteca.

	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EDUCACIÓN DOCUMENTAL
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinación, a través da CCP, do traballo sobre o Proxecto Interdisciplinar.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de guías para o traballo sobre proxectos documentais. ▪ Coordinación co profesorado para desenvolver sesións de traballo cos grupos, sobre busca de información, no fondo documental da biblioteca así como a través da rede. ▪ Traballo cos diferentes grupos e niveis para o coñecemento da páxina de bibliotecas escolares escolares de Galicia http://www.opacmeiga.rbgalicia.org
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visita a Centros da Terceira Idade da parroquia para compartir lecturas e actividades sobre as crenzas populares. ▪ Avaliación do traballo e propostas de mellora.
Nos tres trimestres	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de wikis para realizar traballos colaborativos. ▪ Desenvolvemento de unidades didácticas por parte dos distintos departamentos na Biblioteca do centro.

	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN APOIO AO ESTUDO E COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analizar as necesidades de fondos nesta temática, en colaboración cos departamentos didácticos e o Departamento de Orientación. ▪ Diseñar un plan de adquisicións de acordo coas necesidades detectadas, en concreto necesidades relativas á alumna con síndrome de Down, ao alumno con problemas de audición e aos alumnos marroquís.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crear un apartado específico na biblioteca con material de traballo e consulta sobre esta temática, prestando especial atención ao traballo con alumnado estranxeiro (xa hai bastantes documentos), así como ás dificultades de aprendizaxe. ▪ Analizar as necesidades de fondos nesta temática, en colaboración cos departamentos didácticos e o Departamento de Orientación.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analizar as necesidades de fondos nesta temática, en colaboración cos departamentos didácticos e o Departamento de Orientación.

	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FOMENTO DA LECTURA
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tema de traballo do trimestre: “Viaxes e viaxeiros”. ▪ Colaboración nas conmemoracións do Agosto, do Día Contra a Violencia Cara á Muller. ▪ Organización do punto de lectura na Biblioteca do Centro.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tema de traballo do trimestre: “O mundo do manga”. ▪ Celebración do Día da Paz ▪ Coordinación do III “Recital de poesía” do centro, no mes de marzo. ▪ Celebración do Día Mundial da Poesía. ▪ Conmemoración do Día da Muller. ▪ Celebración do ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro. ▪ Serán no muíño.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tema de traballo do trimestre: “Xeografías: outros pobos, outras xeografías, xeografías da memoria”. ▪ Coordinación das actividades en torno á Semana da Prensa, Día do Libro e Semana das Letras. ▪ Celebración do Día Internacional da LIX. ▪ Celebración do ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro.
Todos os trimestres	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuidade da Hora de Ler. ▪ Boletín trimestral con suxestións de lectura, música e cine, así como de actividades desde a biblioteca. ▪ Exposicións no vestíbulo do centro con material bibliográfico relacionado con novidades ou monográficos temáticos ou de autores/as. ▪ As Mochilas Viaxeiras ▪ Club de Lectura “O Faladoiro”, continuidade desta actividade de fomento da lectura, tratando de implicar

mais ás familias. Cada trimestre unha proposta de libro; semanalmente unha xuntanza de seguimento na Biblioteca no recreo dos xoves; ao remate da lectura, visionado dun filme relacionado co tema abordado. Vencelladas ao club de lectura, desenvolveranse dúas actividades máis: un club de cine e música e unha xuntanza literaria de adultos, é dicir un club de lectura de adultos, seguindo unha dinámica semellante á do club de alumnos, mais cunha única xuntanza por trimestre.

- **Blog do club de lectura:** dinamización do blog creado o pasado curso, no que tanto alumnado como profesorado poidan compartir novos achados, facendo suxestións, críticas, de lecturas, películas, discos...
- **Blog da Biblioteca:** dinamización deste blog, pretendendo a participación de toda a comunidade educativa.
- **Encontros con escritores e contacontos.**
- **Encontros con persoas vencelladas ao mundo das crenzas populares.**
- **Premio Lector:** artellarase un sistema para premiar a participación do alumnado nas actividades propostas dende a Biblioteca ou nas que esta colabore.
- **“Recreos Culturais”:** un recreo ao mes reservarase o espazo da BE para que o alumnado interesado en compartir inquiredanzas culturais co resto dos compañeiros/as poida falar sobre o tema do seu interese.

C) O TRABALLO DESDE AS MATERIAS

O traballo a prol da competencia en comunicación lingüística será responsabilidade de todos e cada un dos departamentos, cada un en función das súas posibilidades: carga lectiva semanal, estrutura da propia disciplina...

- En tódalas materias **se traballará a oralidade**: buscaranse momentos para que o alumnado faga exposicións orais preparadas de antemán: un exercicio resolto, un resumo dunha exposición do profesor/compañeiro, un traballo que se pediu,... Do mesmo xeito, fomentárase e valorárase as **habilidades de comunicación interactiva** tanto en situacións espontáneas (intervencións espontáneas na aula) como preparadas (debates, traballo en grupo).
- Traballarase sistematicamente a **comprensión dos textos orais e escritos** que manexamos: tanto o libro de texto, como artigos, noticias..., para que fagan, a partir de modelos dados por nós, esquemas, resumos, mapas conceptuais.
- Colaboraremos á **formación documental do alumnado**, ben con actividades especificamente deseñadas para o alumnado desde o departamento (visitas á biblioteca, busca e selección documental tanto en formato impreso como dixital), ben participando en actividades deseñadas desde a propia biblioteca.
- Manexaremos diversos **materiais de lectura e de consulta**: libros, material dixital, revistas, periódicos...; así como diversos tipos de textos: continuos e descontínuos (gráficos, mapas,...)
- Fomentaremos o **traballo en equipo** para determinadas actividades: realización e exposición de traballos, debates, busca de información sobre un tema.
- Pediremos ao alumnado a **elaboración de traballos monográficos**, ben por trimestre, ben anualmente. A complexidade dos mesmos deberá estar graduada dentro da materia por niveis. Tamén a complexidade virá dada pola carga lectiva semanal da materia que se trate. Así, unha materia de 2º de ESO de 2 horas semanais ten a posibilidade de solicitarlles aos alumnado a busca e resumo dun artigo sobre un tema dado; no mesmo nivel, unha materia de 4 horas pode pedirle un traballo monográfico sobre un tema dado servíndose de diversas fontes documentais.
- Incluiremos nas probas de avaliación tanto escritas como orais, **diversos tipos de pregunta que poñan de manifesto as competencias que traballamos**:

preguntas curtas de resposta inmediata, preguntas longas de relacionar varias aprendizaxes realizadas, gráficos, mapas, textos para traballar sobre eles,...

Proposta de criterios de avaliación a incluír nas programacións didácticas para avaliar as competencias recollidas no Proxecto Lector:

- **Integración de informacións procedentes de diferentes textos** (en soporte diverso) sobre un tema dado coa fin de elaborar un texto de síntese.
- **Exposición oral e por escrito** do desenvolvemento dun tema de forma ordenada, axustándose a un guión previo.
- Creación de textos escritos de diferente tipo cun **vocabulario adecuado** e respectando os criterios de **corrección** ortográfica e de presentación.
- **Adecuación** da produción oral ou escrita aos requirimentos dados (adequación da resposta dada ao tipo de pregunta que se fai).
- Utilización das principais **ferramentas** dos procesadores de textos e de busca de información na rede e aplicación a **traballos sinxelos de investigación**.
- **Aplicación das normas ortográficas e de puntuación** na elaboración de textos, en diferentes situacións (apuntamentos, respostas a preguntas, traballos, exercicios...)
- Utilización do **léxico apropiado** á materia e contexto.
- **Lectura en voz alta e de xeito expresivo** (entoación, pausas...)
- **Respecto das normas básicas da comunicación oral interactiva** (quendas de palabra, escoita, expresión das ideas propias, respecto das ideas dos demais...)
- **Habilidade de cooperación** (traballo en parellas, grupos...)

Estes criterios de avaliación, contextualizados por niveis, incluíránse na programación anual da materia. Asemade, terán un reflexo nos criterios de cualificación da materia.

D) ITINERARIOS LECTORES PARA ESTE CURSO

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

Lecturas. Modalidades e tipos	Materiais e recursos	Espazos (1)
Lecturas complementarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	Lecturas de textos, literarios ou non, procedentes do libro de textos ou de outros proporcionados pola profesora. Artigos, documentos... non literarios proporcionados pola profesora con distinta periodicidade, dependendo do nivel.	Aula / Casa
Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo	Lectura conxunta na clase de obras literarias, preferentemente teatro ou poesía, en 1º ESO, do tipo: <i>O achado do castro.</i> <i>Game over.</i> <i>Amar e outros verbos.</i> Lecturas de obras ou fragmentos de obras de distintos xéneros e tipoloxía, non necesariamente literarias, do tipo: <i>En galego, por que non?</i> <i>55 mentiras sobre a lingua galega</i>	Aula
Lecturas guiadas: todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo título. Educación literaria (específico para as áreas lingüísticas)	Para 1º : <i>Retrincos.</i> <i>O principiño.</i> <i>O misterio das badaladas.</i> Para 2º: <i>Cartas de inverno</i> ou <i>Corazón de chocolate.</i> <i>Dragal. A herdanza do dragón.</i> <i>O cazador de estrelas.</i> Para 3º: <i>Pel de lobo.</i> <i>Corredores de sombra.</i> <i>Os dous de sempre.</i>	Casa

	<p>Para 4º:</p> <p><i>O armiño dorme.</i></p> <p><i>A esmorga.</i></p> <p><i>Cousas.</i></p> <p><i>O pintor do sombreiro de malvas.</i></p>	
Lecturas e materiais complementarios (libros, películas, CDs...)	Maletas viaxeiras (2)	Casa
Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.	<ul style="list-style-type: none"> • Clubs de lectura (2) • Lecturas de libros con carácter voluntario que poden aportar ata 0'5 puntos cada un (ata un máximo de 2) á nota da avaliación. Entre outros títulos: <ul style="list-style-type: none"> ○ <i>O canto dos peixes.</i> ○ <i>O cazador de trolls</i> ○ <i>A pomba e o degolado.</i> ○ <i>A expedición do Pacífico.</i> ○ <i>Memorias dun neno labrego.</i> ○ <i>Mecanoscrito da segunda orixe.</i> ○ <i>Noite de voraces sombras.</i> ○ <i>Anxos en tempo de chuvia.</i> ○ <i>Leonel.</i> ○ <i>A cova das vacas mortas.</i> ○ <i>As lágrimas de Shiva.</i> ○ <i>O príncipe da néboa.</i> ○ <i>Poetízate.</i> ○ <i>Noite de voraces sombras.</i> ○ <i>A casa de Mango Street.</i> ○ <i>A nosa cinza.</i> ○ <i>Cartas de amor.</i> 	Casa / Biblioteca

DEPARTAMENTO: CIENCIAS DA NATUREZA

Lecturas. Modalidades e tipos.	Lecturas complementarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo.	Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.
1º ESO	<p>Documentos dixitais e artigos de xornais e revistas sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> -mareas negras -especies mariñas sobreexplotadas <p>1 clase/mes AULA</p>	<p>-Artes de pesca 1 clase/trimestre AULA</p> <p>-Fragmentos de obras literarias que aparecen no libro de texto 1 por tema AULA</p>	<p>Guías de peixes e de invertebrados mariños.</p> <p>Voluntario CASA</p>
2º ESO	<p>-Documentos dixitais obtidos da páxina web “recursos.cnice.mec.es/biosfera” e doutras páxinas específicas segundo o tema tratado. 1 vez /mes Aula informática</p> <p>-Artigos de xornais e revistas científicas que a profesora ou os alumnos leven a clase Varios/trimestre</p>	<p>-Fragmentos de obras literarias relacionadas cos contidos que aparecen no seu libro de texto. 1/tema</p> <p>-Fragmentos do libro de texto elixidos polo seu especial interese ou complexidade. (sempre que sexa necesario)</p>	<p>Libros: “La evolución de Calpurnia Tate”</p> <p>“Erosión y desertificación. Heridas de la Tierra”</p> <p>“Fenómenos naturales, un planeta activo”</p> <p>“Cien preguntas básicas sobre la ciencia”</p> <p>Voluntarios CASA</p>
3º ESO	Idem 2º ESO	Idem 2º ESO	<p>Libros:</p> <p>“La evolución de Calpurnia Tate”</p> <p>“Lo que tú puedes hacer para salvar la Tierra”</p> <p>“Juicio a los humanos”</p>
4º ESO	Idem 2º e 3º ESO	Idem 2º e 3º ESO	<p>Libros:</p> <p>“La evolución de Calpurnia Tate”</p> <p>“Viaje a Australia, Nueva Zelanda y Malasia”</p> <p>“Por que nos parecemos a nuestros padres”</p> <p>Voluntarios CASA</p>
Espacios	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Biblioteca / Casa

ITINERARIO LECTOR:MATERIA:FRANCÉS

O método utilizado nestes niveis da E.S.O. contempla unha serie de textos para incitar á lectura en francés. Centrarémonos sobre todo nestas lecturas xa que como a nosa asignatura tan só conta con 2 sesións de 50' a semana, resúltanos difícil traballar un libro de lectura moi extenso.

- Os textos de lectura son semi-auténticos ou auténticos e están acompañados dunha presentación de estratexias de comprensión escrita. Encontramos concretamente, nas seccións **Doc Lecture** do Libro e do Caderno, uns textos auténticos de tipoloxía variada: textos descritivos, argumentativos, prescritivos e informativos. Os textos son curtos e as estratexias recomendadas apuntan á lectura rápida: non se pretende esgotar o texto nin comprendelo todo, senón captar rapidamente o sentido xeral antes de pasar a outro para multiplicar as lecturas e gañar en motivación. En *ESSENTIEL 1*, apóstase pois claramente sobre a variedade dos textos e a multiplicidade das estratexias.

- Uns poemas, unhas bandas deseñadas e unhas cancións completan as narracións, os textos informativos, as regras dos xogos, os xogos de lóxica, etc.

En *Essentiel 1 e Essentiel 2* o acento vai posto na lectura global, esencial e na motivación, son prioritarias a lectura funcional e a comprensión esencial do sentido dos textos, pero comezaremos a traballar máis en profundidade, buscando unha mellor comprensión dos detalles. Comézase así a establecer unha reflexión entre a relación forma-fondo e a intención do autor. Intensifícanse as estratexias de dedución do significado de palabras descoñecidas, de confección e verificación de hipóteses e de análises lingüísticas sinxelas.

Contamos con material na biblioteca , os libros de francés adaptados por niveis de dificultade así como de libros en francés en versión íntegra .

O ENDL conxuntamente coa Biblioteca promoveron durante os cursos pasados “AS MOCHILAS VIAXEIRAS” nas que o Departamento de Francés colaborara polo introduciremos en devanditas mochilas tamén unha serie de libros de lectura para 1º, 2º e 3ºESO.

Lecturas. Modalidades e tipos.	Lecturas complementarias e libres de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.
1º ESO	<ul style="list-style-type: none">• <i>La tour Eiffel</i>. Niveau 1. Satellites• <i>Range ta chambre</i>. Niveau 1. Lire davantage• <i>J'aime-je déteste</i>. Niveau 1. Lire davantage
2º ESO	<ul style="list-style-type: none">• <i>Jean de La Fontaine en bande dessinées</i>.• <i>De temps en temps</i>. Lire davantage.• <i>Trois poèmes</i> de Jacques Prévert. Lire davantage.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none">• <i>La ville en poésies</i>. Folio Junior.• <i>Casse tête</i>. Lire davantage.• <i>Paris 1700 ans d'histoires</i>.
Lecturas e materiais complementarios	<ul style="list-style-type: none">• <i>PELÍCULAS ,BANDAS DESEÑADAS ,CD'S E DVDS.</i>• <i>MOCHILAS VIAXEIRAS</i>
Espacio	Casa

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Lecturas. Modalidades e tipos	Materiais e recursos	Espacios (1)
Lecturas complementarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	1 documento por área / trimestre (artigos, documentos dixitais, libros complementarios...).	Aula / Biblioteca / Casa
Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo	1 ou varios por trimestre	Aula / Biblioteca / Casa
Lecturas guiadas: todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo título. Educación literaria (específico para as áreas lingüísticas)	Como mínimo un título por trimestre	Aula / Biblioteca / Casa
Lecturas e materiais complementarios (libros, películas, CDs...)	Maletas viaxeiras (2)	Casa
Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Clubs de lectura (2) ▪ Outras recomendacións das materias (valoraranse nos criterios de cualificación) 	Casa / Biblioteca

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Lecturas. Modalidades e tipos.	Lecturas complementarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo.	Lecturas guiadas: todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo título. Educación literaria (específico para as áreas lingüísticas)	Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.
1º ESO		Textos da Biblia para ser interpretados		Colección da Biblia en cómic
2º ESO	Textos do libro de Feitos.	Poemas dos santos e místicos dos distintos séculos		
3º ESO	Mitos e lendas de distintas relixións.	Algún artigo sobre temas como defensa da vida, a liberdade...		
4º ESO	Algún artigo de prensa con temas de actualidade relacionados coa relixión			
Espacios	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Biblioteca / Casa

DEPARTAMENTO DE CCSS

Lecturas. Modalidades e tipos.	Lecturas completentarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo.	Lecturas guiadas: todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo título. Educación literaria (específico para as áreas lingüísticas)	Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.
1º ESO	National Geographic Historia(N.G.) Historia y Vida Clío	<i>Monstruos, Deuses e Homes da Mitoloxía Grega</i>		<i>A Odisea</i> <i>El clan del oso cavernario</i> <i>Jsha</i> (María Reimóndez) <i>Hermano Lobo</i> <i>El fósil perdido</i>
2º ESO	revistas de historia			<i>El Cid</i> (adap.) <i>Marco Polo</i> <i>El señor del Cero</i> (Mª Isabel Molina) <i>Endrina e o segredo do peregrino</i> <i>La cruz de El Dorado</i>
3º ESO	-National Geographic -Le Monde Diplomatique -Revista Greenpeace -El Ecologista	-O cobertor de estrelas (Ricardo Lísias)		<i>Expedición ao Pacífico</i> (Marilar Alexandre) <i>Cómo salvar el planeta</i> (Bárbara Taylor)
4º ESO	Monográficos sobre a IIª Mundial			<i>Un saco de canicas</i> de Joseph Joffo <i>A revolta dos animais</i> de Orwell <i>Las bicicletas son para el verano</i> De Fernando F. Gómez
ED. PARA Á CIDADANÍA	xornais, revistas, poesía....			<i>Ser cidadán</i> M. A. Martínez Quintanar e Manuel Regueiro Tenreiro
ED. ÉTICO-CÍVICA	xornais, revistas, poesía....			<i>Ser cidadán</i> M. A. Martínez Quintanar e Manuel Regueiro Tenreiro
OBRADOIRO DE INIC. EMPRENDED.	xornais, revistas de economía...			<i>Quien se ha llevado Mi queso</i> Spencer Jonhson
Espacios	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Biblioteca / Casa

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Lecturas. Modalidades e tipos.	Lecturas complementarias de tipo informativo, relacionadas cos contidos de cada materia.	Lecturas compartidas e comentadas entre varios alumnos/as de tipo literario, recreativo ou informativo.	Lecturas guiadas: todo o alumnado do mesmo nivel o mesmo título. Educación literaria (específico para as áreas lingüísticas)	Lectura extensiva: propostas de lecturas libres, que poden ser compartidas ou non.
1º ESO		Lectura de xornais e revistas		<ul style="list-style-type: none"> ▪El diablo de los números. ▪Ojalá no hubiera números
2º ESO		Lectura de xornais e revistas		<ul style="list-style-type: none"> ▪Andrés y el dragón matemático.
3º ESO	Textos científicos	Lectura de xornais e revistas		<ul style="list-style-type: none"> ▪El misterio de la isla de Töckland. ▪El señor del cero.
4º ESO	Textos científicos	Lectura de xornais e revistas		<ul style="list-style-type: none"> ▪El teorema del loro. ▪El hombre que calculaba.
Espacios	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Aula / Biblioteca / Casa	Biblioteca / Casa

E) PROXECTO INTERDISCIPLINAR

O proxecto interdisciplinar (PRI) pretende contribuír ao desenvolvemento, entre outras, da competencia lingüística. A vinculación do PRI co Plan Anual de Lectura vén dada por:

- A súa contribución ao desenvolvemento da competencia lingüística; este curso unha titora responsable da súa coordinación é de Ciencias da Natureza e outra de Plástica.
- A utilización da biblioteca como fonte documental. Á hora en que se imparte o PRIN en cada un dos grupos de 1º, está reservada a utilización da Biblioteca para eles; ademais, un dos profesores que forman parte do equipo de Biblioteca, estará na mesma para colaborar co titor.

Na 1ª CCP deste curso, decidiuse que o tema de traballo deste curso no PRIN sería *“As crenzas populares na memoria colectiva de Cangas”*; este será tamén a temática que vertebrará as actividades de dinamización da Biblioteca e das actividades complementarias (por exemplo, da Día da Muller, Día Mundial da Poesía, Día da Violencia de Xénero). Ademais invítase aos departamentos a colaborar no desenvolvemento de dito proxecto, cos que se celebrará unha xuntanza para coordinar as actividades a desenvolver ao longo do curso.

F) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ademais do recollido no apartado 4.4 do Proxecto Lector, todas as propostas que se fagan desde a Biblioteca tratarán de abordar unha diversidade de intereses e ter en conta a diversidade de competencias do alumnado. Para isto, contaremos coas reflexións e aportacións da Comisión de Biblioteca, na que están representados todos os membros da comunidade.

G) RECURSOS NECESARIOS:

G.1) Persoa coordinadora e equipo de apoio

Coordinador: Rosa Mª Varela, con 5 horas

Equipo de Apoio: Xaquín Pastoriza, 1 hora de atención á Biblioteca

Pilar Alonso Leivas, 3 horas de atención á Biblioteca

Seila Acuña Ferradanes, 3 horas de atención á Biblioteca

Miguel Cameselle Teijeiro, 2 horas de atención á Biblioteca

G.2) Recursos materiais

Este curso continuando co traballo iniciado o ano pasado, acabárase a catalogación dos fondos da Biblioteca, seguindo os criterios da CDU; así como a renovación dos fondos, gracias a subvención concedida dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

G.3) Horario de Funcionamento

Cos recursos humanos de que dispoñemos e aproveitando os restos horarios do profesorado, aínda non somos quen de ter un profesor as 32 horas semanais lectivas atendendo a biblioteca. Estamos a priorizar os recreos, por ser os períodos onde o alumnado pode acudir á Biblioteca para a lectura e préstamo. Tamén estamos a priorizar o horario do Proxecto Interdisciplinar.

Pero tamén facemos o esforzo de coordinar horarios de uso da biblioteca polo profesorado cun grupo-clase, para a potenciación do uso deste como centro de recursos para a aprendizaxe. Neste aspecto é no que temos que incidir máis, á hora de que o profesorado considere este uso como necesario no proceso de ensino-aprendizaxe, máxime cando agora estamos a introducir as competencias no currículo.

H) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Tal e como se recolle no Proxecto Lector, a avaliación anual farase a través dunha memoria elaborada a finais de curso pola coordinadora de Biblioteca coas achegas do Equipo e da Comisión de Biblioteca. Os indicadores a ter en conta nesta avaliación serán:

- Grao de satisfacción das familias (enquisas)
- Grao de satisfacción do alumnado (enquisas)
- Grao de satisfacción do profesorado (enquisas)
- Grao de implicación no proxecto das familias e do profesorado
- Número de actividades desenvoltas en relación co previsto no Plan Anual de Lectura.
- Grao de xeneralización do funcionamento das maletas viaxeiras.
- Nº de fondos adquiridos
- Orzamento destinado

- O nº de préstamos realizados
- O grao de proxectos de lectura inseridos no proceso de ensinanza-aprendizaxe.